



**PP, NIGRÁN DECIDE, UCN E BNG ABSTÉÑENSE NA COMISIÓN DE
CONTAS E TRASLADAN AO PLENO A SÚA DECISIÓN DEFINITIVA SOBRE
O ORZAMENTO 2016**

**O goberno de Nigrán inclúe gran parte das aportacións dos grupos da
oposición no proxecto económico do municipio para este ano**

**O alcalde da localidade agradece o esforzo da Corporación, que fai
posible a presentación dun mellor documento de cara ao pleno do xoves**

**Os servizos sociais e o emprego continúan sendo materias prioritarias no
borrador, cun aumento promedio dun 120% e a inclusión de axudas a
dependentes**

Nigrán, 26/02/2016.- O borrador dos orzamentos para 2016 elaborado polo goberno de Nigrán, coas importantes aportacións dos grupos da oposición, centra o aumento dos investimentos en servizos sociais, emprego e educación, tal e como sempre defendeu o alcalde do municipio, Juan González.

A Comisión de Contas celebrada hoxe, pon fin a meses de intenso traballo de todos os grupos. “Quero amosar o meu agradecemento a toda a Corporación polo seu intenso traballo, no que se deixou ben claro que o único que se defendeu foron os intereses das veciñas e veciños de Nigrán”, apunta o rexedor.

O orzamento, que irá informado ao pleno ordinario que terá lugar o 3 de marzo, cos votos favorables do Partido Socialista e abstención dos demais grupos da oposición, vén reforzar o apartado de servizos sociais, o emprego e a atención ás persoas. Tal e como se propuxo dende os grupos da oposición, incluíronse as axudas a inversións de 699.346,24 euros do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. Con esta suma, realizaranse actuacións en todas



as parroquias do municipio, despois de que a Corporación se reunise cos veciños e colectivos de cada unha delas para escoitar as súas necesidades.

“Nestes momentos, son unhas moi boas contas para Nigrán, xa que a proposta inicial do goberno foi mellorada coas aportacións e modificacións consensuadas con todos os grupos da oposición en diversas reunións. Sexa cal sexa o resultado da votación no pleno do vindeiro xoves, teño a enorme satisfacción de ter traballado cóbado con cóbado cunha Corporación que fixo sempre aportacións en positivo, pensando unicamente nas veciñas e veciños de Nigrán”, afirma González.